

LECTURAS LCL 2º ESO, CURSO 2023-24. IES AUGA DA LAXE.

OBRIGATORIAS:

1. Stoker, Bram: *Drácula*. Anaya infantil y juvenil. Clásicos a medida.
2. Mallorquí, C., *Las lágrimas de Shiva*, Edebé
3. Leroux, G., *El fantasma de la ópera*, Anaya.

VOLUNTARIAS:

1. Gómez Cerdá, A., *El rostro de la sombra*, Ed. SM
2. Angelidou, M., *Mitos griegos*, Ed. Vicens-Vives
3. Stevenson, R., *El extraño caso del doctor Jekyll y Mr. Hyde*, Bambú, Letras mayúsculas.
4. Gómez Cerdá, A., *Barro de Medellín*, Ed. Edelvives
5. Shelley, M., *Frankenstein*, Ed. Anaya, Clásicos a medida
6. Barceló, E., *El efecto Frankenstein*, Ed. Edebé
7. Irving, Washington: *La leyenda de Sleepy Hollow*. Alba editorial.
8. Verne, Jules: *Viaje al centro de la Tierra*. Ed. Teide
9. Defoe, Daniel: *Robinson Crusoe*. Ed. Vicens-Vives. Colección Cucaña

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN APLICABLES

1. LECTURAS OBRIGATORIAS:

Estas lecturas constituirán o 10% da nota do trimestre e serán avaliadas mediante algún dos seguintes instrumentos: probas escritas específicas ou preguntas dentro dunha proba máis ampla, resolución de cuestionarios orais ou escritos, elaboración de resumos, realización dun traballo académico ou dunha presentación oral, etc.

O alumno deberá demostrar non só a lectura senón tamén a comprensión e capacidade de análise de cada unha das obras obrigatorias: recoñecemento de rasgos temáticos, formais, técnicas literarias e características estéticas das mesmas.

Deberase acreditar de forma coherente e precisa a lectura da obra resumindo e contextualizando fragmentos, indicando o tema dos mesmos, respondendo a preguntas concretas sobre o argumento, sobre a lingua empregada ou sobre os personaxes.

2. LECTURAS VOLUNTARIAS:

A maiores do anterior, o alumnado poderá ver incrementada a súa nota no trimestre, ata un máximo de **0,5 puntos**, mediante a realización ao longo do trimestre (nunca ao seu final) dunha **lectura de carácter voluntario** de entre as obras suxeridas pola profesora. A lectura será avaliada mediante algún dos instrumentos mencionado anteriormente para o caso das lecturas obrigatorias. Esta posibilidade, que é voluntaria e supón unha puntuación extra, deberá ser aproveitada polo alumno ao longo do trimestre, nunca ao seu final: non se admitirá como medio para intentar mellorar *a posteriori* a cualificación final do trimestre.

Observacións:

- Nas probas e traballos escritos terase en conta a calidade da expresión (adecuación e coherencia), así como a corrección ortográfica, o uso apropiado dos signos de puntuación e a presentación (lexibilidade, limpeza, etc.). Por cada dúas faltas de

ortografía, incluídos os acentos, poderanse descontar 0,1 puntos, ata un máximo de 2 puntos. Por unha presentación inadecuada (ausencia de marxes, “tachóns”, etc.) poderase descontar ata 1 punto.

- Se algún alumno é sorprendido polo profesor copiando será puntuado cun 0 nesa proba, sen prexuízo das medidas disciplinarias que corresponda de acordo coas NOF do Centro. Actuarase da mesma maneira no caso de traballos plaxiados ou non elaborados polo alumno. Idéntico procedemento se seguirá no caso de que nunha proba se detecte que un alumno posúe material cuxa finalidade obvia é a copia (“chuletas”, escritura nas mans, teléfono móbil gardado no peto ou entre a roupa, presenza de auriculares, etc.), aínda que non chegase a ser empregado de forma efectiva.